

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016340	IES Aquis Querquernis	Bande	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Expresión artística	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A materia de Expresión artística constitúe a extensión da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual desenvolvida polo alumnado desta etapa en cursos anteriores, contribuíndo á adquisición das competencias da etapa. Nesta materia o alumnado poderá desenvolver a súa capacidade expresiva, seguirá a adquirir pautas e ferramentas que lle permitirá explorar e poñer en valor a súa creatividade á vez que afondará no coñecemento e apreciación do patrimonio artístico e cultural. Esta é unha materia idónea para desenvolver as fases do proceso creativo de xeito práctico ademais de fomentar o traballo colaborativo, o posicionamento crítico, o debate e a autoavaliación.

En Expresión Artística o alumnado poderá experimentar con diferentes técnicas artísticas e as súas posibilidades expresivas permitiéndolle, por un lado, innovar e buscar unha visión persoal coa que afrontar os retos propostos e, por outra banda, ter un achegamento á historia da arte diferente ao teórico, máis ben baseado no entendemento do equilibrio entre as dificultades técnicas e os intereses expresivos que en diferentes momentos afrontaron as e os artistas nos diferentes campos. Isto aportará unha visión máis próxima á realidade da creación artística e menos idealizada e teórica como adoita a plantexarse noutras materias.

A materia deseñase ao redor de catro competencias específicas a partires dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión cultural, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estas competencias específicas poden traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado e deberá de terse en conta que, por consistir na creación de producións artísticas, a última delas require da activación das tres primeiras, é dicir, da observación e valoración crítica de producións artísticas e da selección e do emprego tanto de técnicas gráfico-plásticas coma audiovisuais. Os criterios de avaliación, que determinan o grao de adquisición das competencias específicas, deben aplicarse nunha contorna flexible e propicia para a expresión creativa do alumnado.

A materia ten un carácter práctico e experimental e así se reflicte nos contidos seleccionados que se atopan organizados en tres bloques:

O primeiro bloque adícase ás «técnicas gráfico-plásticas» e recolle as diferentes técnicas artísticas que o alumnado deberá experimentar e aprender a seleccionar en función das intencións expresivas buscadas. Traballarase as técnicas máis habituais no debuxo, na ilustración e na pintura, tanto secas (debuxo a carbón, lapis de grafito, lapis composto, lapis de cores, ceras, pastel, bolígrafos ou rotuladores), coma húmidas (tinta chinesa, acuarela ou pintura á augada), as técnicas alternativas e mixtas (colaxe, frottage, grattage, decalcomanía, objet trouvé, dripping, assemblage), as técnicas básicas de estampaxe e gravado (en oco e relieve) e técnicas básicas de modelado e de creación de volume.

O segundo bloque está centrado na fotografía, a linguaxe visual, audiovisual e multimedia e nel o alumnado profundizará nas aprendizaxes sobre a linguaxe narrativa e audiovisual adquiridas na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual cursada anteriormente. Incidirase no proceso de creación, no deseño de proxectos, na análise crítica da linguaxe publicitaria e da sociedade de consumo, en técnicas e formatos de fotografía e vídeo, así como nos diferentes medios de difusión das producións audiovisuais.

O terceiro bloque adícase ao papel da xeometría na configuración da forma e ao afondamento nos sistemas de representación da xeometría descritiva como ferramenta imprescindible na definición, creación e deseño da contorna e dos obxectos.

Como contidos transversais a estes tres bloques inclúense, entre outros, a prevención e xestión responsable dos residuos e a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, co fin de contribuír á educación ambiental do alumnado.

Dado o seu carácter práctico, a materia contribúe á asunción responsable das obrigacións, á cooperación e ao respecto ás demais persoas; desenvolve a capacidade de traballo en equipo e a autodisciplina, ademais de promover o trato igualitario e inclusivo; favorece o espírito innovador e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos e permite participar no enriquecemento do patrimonio a través da creación de producións persoais.

Tan importante como a creación é a posta en común é o debate sobre as producións xeradas polos integrantes do grupo, polo que a exposición do traballo individual e en grupos é unha das partes máis interesantes para desenvolver nesta materia. É nestas interaccións onde o alumnado sacará conclusións enriquecedoras tanto do traballo propio como do alleo, permitiéndolle ampliar a súa visión de cara a futuros retos. As actividades de exposición e posta en común son unha ocasión idónea para traballar a cualidades tan importantes como a axilidade na comunicación, o respecto, a humildade, a empatía, a autoconfianza, a asertividade e madurez emocional.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.			2	2	1	1-3		3-4
OBX3 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.				5	1-3			3-4
OBX4 - Crear producións artísticas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivarse desta actividade.	1		3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Debuxo Técnico nas artes e o deseño	Construcións e procedementos básicos da xeometría plana. Representación con medios manuais e emprego de aplicacións dixitais	30	30	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Técnicas de expresión gráfica-plásticas	As técnicas grafo-plásticas secas, húmidas, mixtas e alternativas empregadas en debuxo e pintura, principalmente as empregadas nas vangardas artísticas: témpera, acuarela, acrílico, e óleo Toma de contacto con algunhas destas técnicas, experimentando coas posibilidades expresivas que ofrecen.	30	30		X	
3	Linguaxe audiovisual e multimedia	Teoría básica e práctica sobre a creación audiovisual, os tipos (cine, publicidade, videoarte, etc), as fases de realización, a narrativa, a linguaxe e recursos dixitais para a edición. Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. A publicidade.	30	30			X
4	Porxecto individual: o libro de artista	Proxecto de manipulación da libreta de clase como obxecto artístico	10	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Debuxo Técnico nas artes e o deseño	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Amosar interese polos elementos da xeometría e a súa aplicación no deseño. Ter coñecemento dos medios, técnicas e formatos elementais.	TI	100
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para xerar formas mediante procesos da xeometría plana: formas poligonais elementais, transformacións xeométricas básicas e realización de enlaces e tanxencias entre rectas e arcos de circunferencias.		
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Amosar claridade e precisión básicas nas realizacións.		
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Analizar o resultado final do produto visual técnico creado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construcións xeométricas fundamentais. - Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivados. - Conceptos básicos de normalización. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
2	Técnicas de expresión gráfica-plásticas	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Participar na exploración de diferentes técnicas		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Mostrar interese en traballos individuais e colectivos		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para resumir e transmitir a outros as fases do traballo realizado e as peculiaridades do proceso desenvolvido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, substractivos e mixtos. - Graffiti e pintura mural. - Técnicas básicas de creación de volumes. - A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño. - Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición.

UD	Título da UD	Duración
3	Linguaxe audiovisual e multimedia	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Coñecer obras de arte de outras culturas e épocas		
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Elaborar producións audiovisuais e multimedia	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Participar na exploración de diferentes medios e técnicas		
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Participar en proxectos individuais ou colectivos		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Crear produtos visuais seguindo fases do proceso		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Expoñer o resultado final da propia creación		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Valorar a oportunidade de desenvolvemento social e persoal da creación visual e audiovisual		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición. - Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. - Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia. - Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación. - Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de animación. - Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.

UD	Título da UD	Duración
4	Porxecto individual: o libro de artista	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación pictórica relevante: época, temática, técnica empregada e aspectos compositivos básicos.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas.

Contidos

- Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico.
- Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.
- Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Expresión Artística centrarase en desenvolver o seu currículo, tratando de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

A materia de Expresión Artística desenvólvese principalmente mediante a realización de exercicios prácticos apoiados en sesións explicativas nas que, ademais de servir de guía e dar as orientacións, promoverá o debate sobre aqueles aspectos máis interesantes para promover a participación do alumnado involucrandoo no seu propio aprendizaxe. Así mesmo, fomentárase a reflexión sobre o traballo realizado propio e alleo mediante exposicións e presentacións nas que o alumnado poderá explicar as súas creacións e entender as das/os compañeiras/os.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- O deseño de proxectos multidisciplinares de carácter funcional que doten dun sentido práctico os traballos desenvolvidos, co fin de potenciar unha aprendizaxe significativa.
- O uso de diferentes metodoloxías activas que promovan o traballo en grupo na resolución colaborativa de problemas, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos de forma autónoma e sempre tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe dos membros de cada equipo de traballo.
- A creación na aula dun clima apropiado para reforzar a autoestima, o desenvolvemento da creatividade, a experimentación técnica en proxectos interdisciplinares gráfico-plásticos e potenciando tamén o uso de ferramentas e programas de deseño e debuxo en 2D e 3D.
- O emprego de estratexias para traballar transversalmente a participación activa do alumnado en materia de igualdade, cun enfoque inclusivo, non sexista e de superación de estereotipos discriminatorios. Tamén empregar estratexias para superar os desafíos do século XXI que atendan ao consumo responsable, á diversidade cultural dun mundo cada vez máis globalizado, a unha actitude crítica, ética e responsable da cultura dixital e ao entendemento de que o coñecemento e o compromiso cidadán son o motor do desenvolvemento.
- A realización de traballos diferenciados que favorezan un proceso creativo autónomo, baseado na reflexión persoal, na disciplina e na responsabilidade, atendendo á individualidade de cada alumno, así como ás necesidades específicas de todos eles, á prevención de dificultades e á posta en práctica de mecanismos para superalas a medida que aparezan.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mesas de debuxo
Ordenador con conexión a Internet e proxector con pantalla.
Acceso á aula de ordenadores con conexión a Internet.
Aula virtual.
Impresora a cor.
Carboncillo, lapis conté e sanguina.

Tórculo de uso escolar.
Materiais para realizar gravado: Planchas de linóleo, planchas de acetato, papel de aluminio, xogos de gubias, xogos de punta seca, tinta de gravado (maxenta, cian, amarelo, branco e negro), espátulas, rodillos de gravado, planchas de vidro e bandexas.
Vertedoiros con conexión á rede de abastecemento de auga.
Afialapis de mesa.
Pintura aerosol (tres cores).
Materiais para modelado: bases de modelado, arxila e ferramentas de madeira ou plástico para modelado.
Cámara reflex dixital.
Trípodes para teléfono móbil.
Pintura acrílica (Maxenta, cian, amarelo, branco e negro).
Paletas de mestura.
Tinta para aguadas (cinco cores).
Bases de corte e cortadores de precisión.

O alumnado deberá aportar algún material propio:

- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Papel para debuxo e acuarela.
- Regra (30 cm).
- Compás.

Na aula haberá dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O procedemento seleccionado para a valoración inicial do alumnado consiste en:

A - Unha proba escrita non avaliábel onde se poderá valorar o nivel de coñecementos e desenvolvemento da expresión gráfica mediante a resolución duns exercicios sinxelos.

B - Unha enquisa orientada a:

- * Coñecer o grao de interese do alumnado pola materia e as súas perspectivas de cara a cursos vindeiros.
- * Ter unha referencia sobre as partes da materia lles interesa máis.
- * Grao de desenvolvemento dixital.
- * Posibilidade de acceso a ferramentas dixitais.
- * Manexo da aula virtual.

Esta proba inicial só terá carácter orientativo sobre o nivel real do alumnado e a súa capacidade de expresión gráfica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	30	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

A sistematización do seguemento da avaliación da materia debe basearse nas seguintes ferramentas e instrumentos:

- **LÁMINAS e TRABALLOS.** Presentáranse físicamente ou mediante a aula virtual do centro. A cada lámina ou traballo corresponde unha táboa de indicadores nos que os criterios de avaliación da unidade terán un valor de ata 7 pts. ; a limpeza e coidado na presentación ata 1.50 pts; e a puntualidade de entrega ata 1,50 pt. O alumnado dispoñe de dúas sesións nas que perderá proporcionalmente puntuación neste apartado (día 1= 1.50 pts. día 2= 0,75 pts.). Pasada estas dúas oportunidades perderá opción de entrega (NP=0).A nota media das láminas terá un valor do 60% da nota trimestral

- **TRABALLO EN CLASE E CASA:** realización de tarefas de casa e clase, apuntamentos, bosquejos, materiais e coidado do material común. Valoráranse mediante táboa de indicadores do 0 ao 10. A media das mesmas terá un valor do ata o 30% da nota trimestral

- **LIBRO DE ARTISTA:** enténdese a manipulación e creación dun obxecto artístico tipo libro que o alumnado realiza sobre o seu caderno de aula. Cada trimestre o profesor pedirá o libro de artista cós contidos correspondentes. Valorárase mediante unha táboa de indicadores do 0-10 pts. Terá un valor do ata o 10% da nota trimestral.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final da materia de expresión Artística será o resultado da media das tres avaliacións. Tomarase a cifra da nota por trimestre con dous decimais, redondeando ata a máis próxima.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN DE TRIMESTRES SUSPENSOS:

Ao alumnado con avaliacións anteriores suspensas se lle dará a oportunidade de recuperar:

Se na avaliación non superada tivo algunha/s láminas do trimestre suspensas ou non entregadas, terá que entregalas de novo no prazo acordado co profesor, e aprobar a seguinte. No caso de realizalas correctamente, consedrárase recuperada con 5.00.

Se suspendeu superando as láminas e traballos, aprobando a seguinte avaliación considerárase recuperada cun 5.00. No caso que esta sexa a terceira avaliación, fará un traballo de recuperación.

AVALIACIÓN ORDINARIA

Antes do remate das clases en xuño o alumnado poderá recuperar as avaliacións non superadas mediante as actividades de recuperación que indique o profesor. En cada caso poderán ser:

- Alumnos/as cunha avaliación suspensa: un traballo resumo dos contidos non superados do trimestre.
- Alumnos/as con dúas avaliacións suspensas: un traballo resumo dos contidos non superados de cada trimestre.
- Alumnos/as con tres avaliacións suspensas: un traballo resumo dos contidos non superados de cada trimestre.

Na primeira semana de xuño, o profesor informará ao alumnado nestes casos das tarefas de recuperación a realizar.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que

terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS

Supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
 - Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
 - En caso de alumnos con necesidades educativas específico de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
 - O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
 - Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
 - O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
 - Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.
 - Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
 - Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.		X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X		X	
ET.4 - Competencia dixital			X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

Se ben todas as actividades propostas permiten afianzar e traballar os elementos transversais citados (Independentemente da unidade didáctica á que pertencen) sinálanse aquelas unidades didácticas máis relevantes no fomento dos elementos transversais concretos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita guiada e taller nun Museo galego	Uns dos obxectivos desta materia é o de xerar o hábito de achegarse aos museos e disfrutar das pezas artísticas promovendo a investigación previa sobre as mesmas. Rematar a visita facendo un taller de arte (gravado, pintura, debuxo, fotografía, etc) fai que o alumnado enriqueza a súa visión da produción artística			
Charla con un artista plástico ou ilustrador/a.	Trátase de poñer en contacto ao grupo cun artista no seu espazo de traballo para que o alumnado poda ter unha visión real de como se desenrola a actividade artística. O desenvolvemento dos medios dixitais permiten hoxe simplificar estas actividades de interacción.			
Concurso de carteis e fotografía no centro	Trátase de fomentar a creatividade entre noso alumnado			
Exposición de traballos do alumnado	Trátase de mostrar os resultados do esforzo do alumnado nas materias do departamento			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visualización da curtametraxe	Proxección da curtametraxe elaborado polo alumnado de 4ESO no acto de gradación			

Observacións:

A visita ao museo está suxeita á dispoñibilidade do mesmo polo que o destino podería sufrir modificacións. O/A artista participante na charla online está por concretar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) - Dase a coñecer a programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)
(P) - Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.
(M) - O alumnado entende a dinámica de traballo na aula e a segue sen problema.
(M) - O emprego da aula virtual é axeitado por parte do alumnado. Acceden regularmente aos contidos e fan as entregas seguindo as instrucións dadas.
(M) - O grao de participación durante as explicacións é axeitada? Aínda que en diferente grao, participa todo o alumnado?
(M) - Impleméntanse rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían?.
(M) - Deséñase varias prácticas para facer en grupo?
(M) - O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado?
(M) - Amósanse suficientes exemplos para que o alumnado teña referencias dos exercicios prácticos que debe desenvolver?
(M) - Hai un diario de clases dispoñible online para o alumnado onde se indica a materia/o traballo realizado en cada sesión.
(AD) - A programación contempla a atención á diversidade?
(AD) - Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso?
(AD) - Tense en conta a AD na organización da aula e na creación de grupos para os traballos?
(AD) - Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario?
(AD) - Adáptanse as probas escritas e os exercicios prácticos ao alumnado que o precise, seguindo criterios e recomendacións obxectivos?
(AV) - Os instrumentos de avaliación empregados, así como o seu peso, correspóndense co previsto na programación didáctica.
(AV) - Tras a realización dun exercicio práctico, valórase a idoneidade do mesmo e o grao de resposta dado polo alumnado?

(AV) - O alumnado coñece os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos.

(AV) - Unha vez rematado un trimestre, deseñase un plan de recuperación para o alumnado que precise recuperar a materia?

(AV) - No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave?

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación de Expresión Artística de 4º de ESO realizarase con anterioridade ao comezo do curso académico. Para a súa realización terase en conta:

- Os cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso.
- As anotacións e propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase ao remate de cada unidade didáctica para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados e faranse constar nas actas das reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados